AS VIAXES AO ESPAZO E A ENERXÍA

Fai case 60 anos, no ano 1960,a humanidade propúxose enviar por primeira vez unha nave ao espazo.

Desde entón, os científicos deseñaron foguetes e naves espaciais que nos permitiron alcanzar e pisar a Lúa en 1969, chegar cun robot a Marte en 1997 e incluso enviar naves non tripuladas ata os planetas máis afastados do sistema solar.

O principal problema ao que tiveron que enfrontarse os científicos foi o de subministrar enerxía ás naves unha vez que estaban no espazo. O combustible non chegaba. Todo se esgotaba.



Tras moitas probas, decidiron utilizar paneis e baterías solares, que permiten obter enerxía eléctrica a partir da calor e da luz do sol.

Hoxe en día, os satélites e naves espaciais dispoñen de grandes brazos con paneis solares, sen os cales os sistemas e os ordenadores de a bordo non poderían funcionar.

CONTESTA:

1. Que problema tiveron que resolver os científicos espaciais?

2. Como o solucionaron?

3. **A ENERXÍA SOLAR.** Marca cunha X as características da enerxía solar.

☐ É contaminante.

☐ Non contamina.

☐ Esgótase ao usala.

☐ Non se esgota nunca.



4. Agora, escolle e completa.

O sol é unha fonte de enerxía... 'renovable' ou 'non renovable'

5. **AFORRO DE ENERXÍA**

Non hai forma mellor de axudar ao medio ambiente que practicando un consumo responsable.

Non só contribúes a coidar a túa contorna senón que tamén aforramos diñeiro.



Pensa e marca as afirmacións verdadeiras.

☐ Apagar as luces cando é de día ou non estamos nun cuarto.

☐ Cando tes prendida a calefacción, ter abertas as ventás.

☐ Usar lámpadas LED de baixo consumo que aforran enerxía.

☐ Apagar a televisión cando non a estamos a ver.

6. ENERXÍAS RENOVABLES E NON RENOVABLES.

Lembra:

- As enerxías renovables son aquelas que non contaminan porque son limpas.



- As enerxías non renovables provocan fumes e gases e contaminan o aire.



Arrastra o nome de cada fonte de enerxía onde corresponda:

petróleo	vento	carbón	sol	auga

Renovables:

Non renovables:
